

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. ÁLVAREZ LIMESES  
CURSO: 6º EDUCACIÓN INFANTIL  
DATA: 11 de MAIO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Obxectivos e contidos.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre**
4. **Información e publicidade.**

## 1. OBXECTIVOS E CONTIDOS

Tema proxecto		Nivel o curso	Temporalización aproximada.
LOS CASTILLOS		6º E. I.	1º TRIMESTRE e METADE 2º TRIMESTRE
Área	Obxectivos de aprendizaxe	Contidos	
<b>Coñecemento de si mesmo e Autonomía persoal</b>	Recoñecer as principais partes do corpo.	Partes externas do corpo. Articulacións. A pel.	
	Recoñecer algúns segmentos e elementos das principais partes do corpo.	Segmentos e elementos do corpo. Características diferenciais.	
	Descubrir e utilizar as propias posibilidades sensitivas e expresivas.	Os sentidos: gusto, tacto e olfacto. Sensacións e percepcións. Sentimentos e emocións propios e dos demais.	
	Identificar e expresar preferencias.	Intereses propios e dos demais.	
	Descubrir e utilizar as propias posibilidades motrices, adoptando posturas e actitudes axeitadas ás distintas actividades.	Posibilidades motrices e posturais. Movimentos combinados e movementos bilaterais asimétricos e alternos. Reproducción de posturas co corpo. Relaxación.	
	Coordinar e controlar os movementos.	Coordinación e control postural. Coordinación e control corporal nas actividades lúdicas que impliquen movemento global ou segmentario e adquisición de habilidades motrices novas. Control e precisión no uso de útiles e obxectos.	
	Desenvolver progresivamente a lateralidade do seu propio corpo, sendo capaz de interpretar nocións direccionais con el mesmo.	Nocións básicas de orientación espacial. Nocións de direccionalidade con respecto ó corpo Experimentación da noción dereita e esquerda en relación ó propio corpo	
Afianzar nocións de orientación temporal mediante a identificación de vivencias persoais da actividade cotiá.	Nocións básicas de orientación temporal: mañá - tarde -noite; onte, hoxe, mañá; antes, despois, fin de semana,...		

		Percepción temporal das rutinas cotiás: rutinas, tarefas, xogos, comidas,.
	Interaccionar cos demais.	Normas e hábitos elementais de organización. Normas nas saídas e visitas culturais.
	Experimentar as posibilidades de acción e expresión co propio corpo.	Baile medieval.
	Desenvolver hábitos de respecto, axuda e colaboración.	Habilidades de interacción.
	Desenvolver a autoestima e a autonomía.	Iniciativa nas tarefas de busca de solucións. Autonomía, tarefas propias e competencias. Iniciativa e esforzo.
	Adquirir seguridade e confianza nas propias posibilidades de aprendizaxe e satisfacción polos progresos conseguidos.	Desenvolver de maneira cada vez máis autónoma as tarefas. Iniciativa na busca de solución das dificultades que aparezan.
	Adquirir o sentimento de pertencer ó grupo e de participar na súa dinámica.	Habilidades para a interacción cos demais establecendo relacións de afecto e sentimento de pertenza ó grupo.
	Ser capaces de expresar o que observan e comunicalo ós compañeiros.	Expresión do que perciben e comprensión das aportacións.
	Iniciar e utilizar hábitos elementais de organización de coñecementos baseados no tratamento da información.	Mapa conceptual: ¿Que sei? ¿Que quero saber? ¿Que coñecementos ou experiencias vou incorporando?
	Desenvolver hábitos de hixiene, alimentación e seguridade persoal.	Hábitos de hixiene e de alimentación, e a súa relación coa saúde e o benestar persoal. Accións que favorecen a saúde: actividade física e deporte. Coidado e precaución ante situacións que poden resultar perigosas.
	Describir, agrupar e clasificar obxectos pola súa situación, cualidades e propiedades.	Propiedades e atributos dos obxectos. Comparacións. Clasificación. Agrupacións. Ordenacións. Relacións entre coleccións de obxectos: correspondencias e series. Situación espacial dos obxectos.
	Empregar axeitadamente cuantificadores básicos de cantidade e de medida.	Cuantificadores básicos. Nocións básicas de medida. Experimentos sinxelos.
	Iniciarse na comparación, medida e uso de instrumentos.	Aproximación ó uso da regra como elemento para medir distancias.

<b>Coñecemento do Contorno</b>	Situarse no espazo respecto a nocións básicas, identificando estas nocións en si mesmo/a e nos obxectos.	Os corpos no espazo.
	Iniciarse na estimación e medida do tempo.	Nocións básicas de orientación temporal. Calendario.
	Coñecer e empregar a serie numérica. Contar elementos.	Os números. A recta numérica. Utilización do cardinal para determinar cantidades. Uso do ordinal para determinar posicións.
	Iniciarse nas operacións aritméticas de adición e sustracción.	Composición e descomposición de números. Iniciación á suma e á resta. Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen repartir.
	Coñecer, representar e nomear a partir da observación, descrición, manipulación e o xogo con formas xeométricas planas e de volume.	Formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo, rombo. Corpos xeométricos: a esfera e o cubo. Asociación con obxectos da vida cotiá.
	Coñecer e identificar aspectos xeométricos.	A catapulta, línea recta ou curva (o lanzamento parabólico).
	Observar os cambios que se producen no medio natural coa chegada das diferentes estacións, constatando a influencia do tempo atmosférico na forma de organizarse as persoas, e observando e manipulando os diversos obxectos relacionados co vestido propios de cada estación.	O outono. Fenómenos atmosféricos. Cambios na natureza. Froitos. O inverno. Fenómenos atmosféricos. Cambios na natureza. Froitos. Prendas de vestir propias de cada estación.
	Expresar coñecementos e experiencias relacionados cos castelos.  Amosar interese polos castelos.	Os castelos. Lugares de emprazamento.
	Observar e identificar los castelos e as súas partes.	O castelo por fora. Partes dun Castelo. A Torre da Homenaxe. Dependencias.
	Coñecer e describir atributos dos castelos.	Atributos, forma, tamaño, materiais dos castelos e dos obxectos que hai neles.
Interpretar situación e feitos significativos mostrando interese polo coñecemento.	A Idade Media.	

	Coñecer elementos básicos da paisaxe.	Elementos do relevo xeográfico: o río, a montaña, a planicie.
	Ampliar a curiosidade e o afán por aprender características do mundo que os rodea.	A paisaxe e o medio físico. Descubrimento do contorno: o bosque.
	Coñecer responsabilidades e roles.	Compartimos, respectamos e coidamos os obxectos. Grupos cooperativos.
	Iniciar e desenvolver normas de traballo en grupo.	O grupo: facemos equipo. Normas de convivencia, traballo e organización na aula (obradoiros, ambientes ou rincóns).
	Participar de forma activa nas actividades e propostas, respectando e compartindo as aportacións dos demais.	Iniciación ó diálogo, disposición para compartir pautas axeitadas de comportamento.
	Iniciar e ampliar a curiosidade e o afán por aprender características do mundo que os rodea.	A sociedade e os costumes na Idade Media.
	Identificación de grupos sociais.	Rei e raíña, cabaleiros e damas, pobo e artesáns.
	Recoñecer diferentes sinais de identidades dos habitantes dos castelos.	Sinais de identidade cultural: eventos na Idade Media. Blasones e escudos.
	Coñecer diferentes vivendas e evolución co tempo.	A casa. Dependencias e funcións: como era a casa na Idade Media en contraste coa actual.
	Coñecer diferentes oficios.	A actividade humana: artesáns.
	Coñecer e contrastar diferentes modos de vida e tradicións segundo as épocas.	Cambios no modo de vida e as costumes en relación co paso do tempo. A Idade Media en contraste coa época actual. Comemoracións oficiais e celebracións tradicionais conxuntas (Samaín, Magosto, Nadal,..)
	Expresar de forma ordeada ideas e sentimentos.	Utilización da linguaxe oral para expresar e comunicar ideas e sentimentos. O ton da voz. A pronuncia.
	Expoñer e compartir oralmente cos demais as observacións realizadas en experiencias e vivencias.	Expresión e comprensión oral en situacións comunicativas: a asemblea. Exposición e organización de ideas e interpretación de informacións. Uso progresivo de léxico preciso e variado mellorando a estrutura

<b>Linguaxes: Comunicación e Representación.</b>		gramatical ó ton e o ritmo. Participación e escoita na rutina da asemblea. Relato e evocación dos feitos. Utilización de diferentes oracións desenvolvendo o bo uso do xénero, número e os tempos verbais.
	Comprender mensaxes de outros.	A carta e as notas informativas.
	Escoitar e comprender a información.	Os castelos.
	Interesarse polas novas informacións.	Interpretación e comprensión da información: imaxes, carteis e fotografías. Aproximación ó uso da lingua escrita: comprensión de palabras significativas do tema. Pictogramas, cancións, historia e contos. Fontes de información: libros informativos, enlaces de internet... A biblioteca como espazo de recurso informativo e desfrute.
	Relacionar as novas informacións sobre os castelos con outras xa coñecidas.	Exposición clara e organizada de ideas.
	Ler e escribir palabras e oracións sinxelas.	Aproximación á linguaxe escrito. Uso e creación do código escrito. Identificación de letras, comprensión de palabras e pequenos textos a partir de experiencias traballadas a través dos castelos. Inicio á escritura de palabras e oracións sinxelas. Lectura de palabras máis significativas dos castelos: castelo, foso, vestido, rei, catapulta, armadura...
	Utilizar diferentes fontes para buscar información iniciándose no uso da lectura e escritura: observación directa, imaxes, libros, familias, medios dixitais, expertos... Valoración das fontes como instrumento de comunicación e información.	Fontes de información: libros, internet, expertos...
Iniciarse na escritura de palabras e frases significativas aplicando unha correcta dirección no trazo, unha presión axeitada do útil gráfico e unha posición correcta.	Control da direccionalidade nas actividades gráficas. Trazos. Números e letras. Maiúsculas (todas). Minúsculas (u, a, o, i, e, p, l, m, s, n, ñ, t)	

Iniciarse no uso de ordenadores e outros dispositivos.	O ordenador e outros dispositivos m3viles. Internet. <i>Apps</i> .
Usar a tecnolox3a como medio para adquirir informaci3n e coñecementos.	Buscadores.
Iniciar a definici3n e formulaci3n de preguntas sobre os castelos e a sociedade medieval.	Preguntas e respostas sobre os castelos.
Ampliar o vocabulario relacionado cos castelos.	Vocabulario do tema. Uso do vocabulario: nomes, acci3ns.
Coñecer castelos e historias relacionadas coa literatura infantil.	Literatura infantil: <i>El rey de papel, Poemas y rimas, La bella durmiente</i> . Escoita e compresi3n de contos, canci3ns, retah3las e poes3a.
Coñecer e observar algunha obra de arte na que aparezan castelos ou personaxes relacionados con eles.	Iniciaci3n 3 arte: tapices, cadros, arquitectura. Valoraci3n de diferentes tipos de obras.
Desenvolver algunhas t3cnicas b3sicas de expresi3n pl3stica.	A expresi3n pl3stica: debuxo, pintura, estampado, tapiz... Experimentaci3n de elementos da linguaxe pl3stica: forma, cor, textura, espazo. Expresi3n de fantas3as a trav3s do debuxo. Representaci3n da figura humana.
Recoñecer as cores primarias e as s3as mesturas.	As cores primarias e secundarias. Mesturas.
Aprender sinxelas canci3ns, retah3las, rimas, bailes e danzas...	Escoita e compresi3n de contos, canci3ns, retah3las e poes3a. Recitado dalg3ns textos sinxelos: <i>La plaza tiene una torre, El castillo de Cucurumb3</i> . As canci3ns como elemento expresivo. <i>¿D3nde est3n las llaves?</i> Audici3ns musicais. <i>En Me revenant</i> , de Julien Perrichon.
Representar a trav3s da expresi3n corporal.	Recursos corporais: os xestos e os movementos. Noci3ns de direccionalidade. Representaci3n de personaxes.



Tema proxecto		Nivel o curso	Temporalización inicialmente programada
LOS DINOSAURIOS		Nivel 6º E.I. – A	METADE 2º TRIMESTRE E 3º TRIMESTRE
Área	Obxectivos de aprendizaxe	Contidos	
<b>Coñecemento de si mesmo e Autonomía persoal.</b>	Recoñecer partes finas do corpo.	Partes finas da cabeza, do tronco e extremidades. Características diferenciais.	
	Descubrir e utilizar as propias posibilidades sensitivas e expresivas.	Os sentidos: vista e oído. Sensacións e percepcións. Sentimentos e emocións propios e dos demais.	
	Descubrir as posibilidades motrices e posturais do seu corpo, progresando na coordinación e control, desenvolvendo a súa percepción sensorial, as habilidades manipulativas e a coordinación visual.	Movementos máis complicados co seu corpo. Coordinación e control postural: equilibrio en situacións de inestabilidade. Coordinación viso-manual.	
	Desenvolver progresivamente a lateralidade do seu propio corpo, sendo capaz de interpretar nocións direccionais con el mesmo.	Nocións básicas de orientación espacial. Nocións de direccionalidade con respecto ó corpo Lateralidade: dereita-esquerda.	
	Afianzar nocións de orientación temporal mediante a identificación de vivencias persoais da actividade cotiá.	Nocións básicas de orientación temporal: mañá - tarde -noite; onte, hoxe, mañá; antes, despois, fin de semana,... Percepción temporal das rutinas cotiás: rutinas, tarefas, xogos, comidas,.	
	Desenvolver a autonomía e a autoestima.	Iniciativa nas tarefas e procura de solucións. Autonomía, tarefas propias e competencias. Iniciativa e esforzo.	
	Adquirir seguridade e confianza nas propias posibilidades de aprendizaxe, e satisfacción polos progresos conseguidos.	Busca de solucións ás dificultades que aparezan.	
	Continuar coa adquisición de hábitos que favorezan a saúde.	Hábitos da saúde, coidado e hixiene persoal.	
<b>Coñecemento del entorno</b>	Describir, agrupar e clasificar obxectos pola súa situación, cualidades e propiedades.	Propiedades e atributos dos obxectos. Clasificacións. Relacións entre coleccións de obxectos: correspondencias e series. Agrupacións. Ordenacións. Comparacións. Situación espacial dos obxectos.	

	Empregar axeitadamente cuantificadores básicos de cantidade e de medida.	Cuantificadores básicos. Nocións básicas de medida.
	Iniciarse na comparación, medida e uso de instrumentos.	Comparación tamaños. Comparacións cos dinosauros.
	Situarse no espazo respecto a nocións básicas, identificando estas nocións en si mesmo/a e nos obxectos.	Os corpos no espazo.
	Iniciarse na estimación e medida do tempo.	Nocións básicas de orientación temporal. Calendario.
	Coñecer e utilizar a serie numérica. Contar elementos.	Os números. A recta numérica. Ordenación do 1 ao 10.
	Iniciarse nas operacións aritméticas de adición e sustracción.	Composición e descomposición de números. Iniciación á suma e á resta.
	Coñecer e identificar formas e corpos xeométricos; establecer relacións espaciais xeométricas.	Formas planas. Corpos xeométricos. Exploración de figuras. Xeometría e espazo.
	Observar os cambios que se producen no medio natural nas diferentes estacións, constatando a influencia do tempo atmosférico na vida das persoas.	O inverno. Fenómenos atmosféricos. Cambios na natureza. Froitos. Prendas de vestir propias do inverno.
	Identificar os dinosauros e expresar coñecementos relacionados con eles.	A Era dos dinosauros. Identificación dos dinosauros. Significado da palabra “Dinosauro”
	Recoñecer as partes principais dos dinosauros. Comparación con outros seres.	Partes principais do seu corpo.
	Coñecer lugares de manifestacións de coñecemento e culturais.	Lugares para aprender: museos.
	Coñecer e contrastar distintos modos de vida e tradicións segundo as épocas.	Celebracións e tradicións propias
	Relacionarse de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria.	Relacións sociais. Pautas adecuadas de comportamento.
<b>Linguaxes: comunicación e representación</b>	Expressar de forma ordenada as ideas e sentimentos.	Utilización do linguaxe oral para expresar e comunicar ideas e sentimentos. O ton da voz. A pronuncia.
	Expoñer e compartir oralmente cos demais as observacións realizadas en experiencias e vivencias.	Expresión e comprensión oral en situacións comunicativas: a asemblea. Uso progresivo dun léxico preciso e variado, mellorando a estrutura gramatical, a entoacións, o ton e o ritmo. Participación e escoita na rutina da asemblea.

	Utilización de diferentes oracións e desenvolvemento do bo uso do xénero, o número e os tempos verbais.
Comprender mensaxes de outros.	A carta e as notas informativas.
Interesarse polas novas informacións.	Interpretación e comprensión da información: imaxines, carteis e fotografías. Aproximación ao uso da lingua escrita: comprensión de palabras significativas. Pictogramas, cancións, historia e contos. Fontes de información: libros informativos, enlaces de internet, etcétera. A biblioteca como espazo de recursos informativos e disfrute.
Ler e escribir palabras e oracións sinxelas.	Aproximación ao linguaxe escrito. Iniciación ao coñecemento, uso e creación do código escrito. Identificación de letras, comprensión de palabras e pequenos textos, algúns a partir da temática dos dinosauros. Inicio á escritura de palabras e oracións sinxelas. Lectura das palabras máis significativas dos dinosauros: <i>dinosauro, nomes de dinosauros...</i>
Utilizar diferentes fontes para buscar información, iniciándose no uso da lectura e a escritura: observación directa, imaxes, libros, familias, medios dixitais..., valorándoas como instrumento de comunicación e información.	Fontes de información: libros, internet, etcétera.
Iniciarse na escritura de palabras e frases significativas aplicando unha correcta dirección no trazo, unha presión axeitada do útil gráfico e unha posición correcta.	Control da direccionalidade nas actividades gráficas. Trazos. Números e letras. Maiúsculas. Minúsculas
Iniciarse no uso de ordenadores u outros dispositivos	O ordenador . Internet. <i>Apps</i> .
Iniciar a definición e formulación de preguntas sobre os dinosauros.	Preguntas e respostas sobre os dinosauros.
Ampliar o vocabulario relacionado cos dinosauros.	Vocabulario do tema.
Coñecer dinosauros, dragóns, mitos, lendas e historias relacionadas coa literatura infantil.	Literatura infantil Escoita e comprensión de contos, cancións, retahílas e poesía.
Desenvolver algunhas técnicas básicas de expresión	A expresión plástica: debuxo, pintura, estampado, etcétera.

	plástica.	Experimentación de elementos do linguaxe plástico: forma, cor, textura e espazo. Modelado con distintos materiais. Expresión de fantasías a través do debuxo. Representación de la figura humana.
	Recoñecer as cores primarios e as súas mesturas.	Os colores e a súas mesturas.
	Aprender cancións sinxelas, retahílas, rimas, bailes y danzas, etcétera.	Escoita e comprensión de contos, cancións, retahílas e poesía. Audicións musicais: <i>Walking with Beasts</i> , <i>Fósiles</i> , <i>El carnaval de los animales</i> , de Camille Saint-Saëns.

O desenvolvemento deste proxecto interrompeuse o 13 de marzo de 2020 ante a suspensión de clases obrigatorias por declaración da situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e de activación do Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), *como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19*. Situación seguida da aplicación do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, publicado no BOE número 67, do 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. E as súas ampliacións.

Os obxectivos e contidos que non se traballaron quitáronse para facer esta adaptación da programación. e algúns dos que se manteñen son obxectivos e contidos que se desenvolven e reforzan durante todo ou parte do curso.

<b>1. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos e Instrumentos:</p> <p>Observación dos traballos realizados polo alumnado dos propostos polo profesorado.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Adaptación da programación para o 3º trimestre.</li> <li>- Cualificación da 3ª avaliación: mesma cualificación que no 2º Trimestre.</li> <li>- O alumnado <u>poderá optar</u> á máxima cualificación: “Sen dificultade” presentando algunhas das tarefas propostas polas titoras.</li> </ul>

<b>2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Combinación de actividades virtuais e tradicionais. Publicadas na paxina web do centro, ou enviadas a través do correo electrónico ou por WhatsApp nos casos con accesibilidade limitada.</li> </ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Metodoloxía globalizada, coordinándose o equipo de profesores.</li> <li>- Repasaremos e reforzaremos aqueles contidos dos dous primeiros trimestres que se poidan traballar telemáticamente e especialmente os relacionados coa consecución dos obxectivos mínimos de ciclo.</li> <li>- Inicialmente aportouse ás familias recursos e actividades variadas (a través da web) así como dous modelos de horarios (organización semanal e diaria de hábitos, rutinas, tarefas, ...secuenciación de actividades tipo) co fin de que seleccionaran segundo as súas necesidades e circunstancias particulares. Coa prolongación da situación pasamos a organizar e publicar actividades diarias (sinxelas, de fácil acceso, motivadoras, significativas, etc...) partindo dunha máis motivadora (xogo interactivo, manipulativo, psicomotriz, conto, experimento,...). E a partir dela varias propostas relacionadas coas distintas áreas ou bloques de contidos buscando conexións múltiples (as posibles), procurando atender á diversidade do alumnado (capacidades, ritmos, necesidades, circunstancias familiares,...) e facilitar ás familias a tarefa de continuidade do proceso de ensino-aprendizaxe (variedade en tipos e cantidade e ofrecendo alternativas).</li> </ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recursos TIC, recursos web e materiais de repaso e reforzo: Xogos interactivos, audios, vídeos, imaxes, caderno de actividades, libro informativo, etc...da editorial coa que se estaba a traballar. Xogos interactivos de creación propia. Cortos animados de Youtube: temática relacionada cos contidos da programación. Videos infantís de Youtube: contacontos, contos, cancións, canta-xogos, bailes , experimentos, receitas, xogos psicomotrices,...</li> <li>- Webs doutros centros escolares ou de libre acceso. Material fotocopiado de libre disposición na rede. Materiais adaptados para alumnado con NEAE (titora, A.L. e P.T.)</li> <li>- Actividades conxuntas de centro.</li> <li>- Ordenador e teléfonos persoais.</li> </ul>

### 3. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Remitirase información sobre esta adaptación das programacións do 3º trimestre ás familias a través de mensaxeira instatanea dende o centro indicando onde poden consultalas. Na información que se lle remita ás familias haberá que indicar que “a programación adaptada deste 3º trimestre está a ser supervisada polo Servizo de Inspección e se esta indica cambios lles será trasladada de novo”.</li><li>- A comunicación coas familias é a través de:<ul style="list-style-type: none"><li>* Abalar Móvil.</li><li>* Correo electrónico.</li><li>* Teléfono.</li><li>* WebEX.</li><li>* Web do Centro.</li></ul></li></ul>
<b>Publicidade</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</li></ul>